

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Riós para a execución da actuación denominada "Mellora da rede de saneamento e abastecemento de Navallo. Riós (Ourense)", financiado ao 100% a parte elixible pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, mediante tramitación anticipada de gasto

1. Antecedentes

O concello de Riós ten atribuídas competencias en materia de saneamento e abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Asemade, os artigos 5.1 a) e 27.1 da citada lei de augas de Galicia, establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.



Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. E, no ámbito do abastecemento, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello Riós que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación denominada "Mellora da rede de saneamento e abastecemento de Navallo. Riós (Ourense)".

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O núcleo do Navallo, situado no Concello de Riós, dispón actualmente dunha rede de abastecemento de auga potable e dunha rede separativa de saneamento de augas residuais constituídas, na súa maior parte, por canalizacións instaladas hai máis de 30 anos, as cales acusan o inevitable paso do tempo. Algúns tramos das devanditas redes contan con tubaxes máis recentes, instaladas a través de sucesivos proxectos construtivos de pequena entidade.

Coas actuacións obxecto deste convenio preténdese completar definitivamente a renovación e mellora das redes de abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais existentes no núcleo do Navallo, proporcionando á poboación rural do municipio os servizos básicos que cubran as súas necesidades, proporcionando benestar e facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego, ao mesmo tempo que fixar a poboación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e



nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a catrocentos seis mil seiscientos seis euros con sesenta e sete céntimos (406.606,67 €) distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE RIÓS	IMPORTE
2023	325.285,34 €	81.321,33 €	406.606,67 €
TOTAL	325.285,34 €	81.321,33 €	406.606,67 €

De conformidade co establecido no artigo 67 da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio a reactivación económica de Galicia, este expediente tramitase como anticipado de gasto; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

- gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20% do investimento total. O concello de Riós financiará exclusivamente este tramo cunha achega de 81.321,33 €. De producirse un maior gasto non elixible, este será financiado por Augas de Galicia.
- gasto elixible, que suporá aproximadamente un 80% do investimento e que é financiado ao 100% pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, dentro do Eixe Prioritario 20, Obxectivo Temático 13 "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", Prioridade de Inversión 13.i "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", Obxectivo Específico 20.1.4 - OE REACT UE 4 "Apoio ás inversións que contribúan á transición cara



a unha economía verde. Actuación 20.1.4.5 "Mellora da eficiencia dos sistemas de saneamento, depuración e abastecemento de auga".

A vixencia do convenio se estende ata o 31 de decembro de 2023.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López

